

Sumario | nº46 – Abril 2025

EDIUS

Nova edición do programa Ícarus, con premios para teses de doutoramento de todas as áreas



OPINIÓN

Rutinas saudables e auto coidado no doutoramento



EDIUS

NOVAS

O consentimento nas investigacións



EDIUS

NOVAS

Teses defendidas en Galego



EDIUS

NOVAS

Convocadas as axudas económicas e de asesoramento para a redacción de teses en galego



O Galego nas teses



ENTREVISTA

Juan José Igartua, Profesor da Universidade de Salamanca, imparte “Introdución á análise da mediación, moderación e mediación moderada coa macro PROCESS para SPSS”



«PROCESS facilita unha mellor comprensión dos fenómenos estudados e mellora a calidade da investigación»



EDIUS

NOVAS

O 8 de setembro dará comezo o curso 2025/2026 na Universidade



EDIUS

NOVAS

A USC atópase entre as mellores universidades do mundo en 21 temáticas, segundo o ranking QS



3MT

O prazo para enviar vídeos ao concurso ‘Teses en tres minutos’ estará aberto todo abril



EDIUS

NOVAS

Un investigador do IGFAE, única persoa en Galicia que recibe este ano a bolsa posdoutoral Junior Leader da Fundación “la Caixa”



**EDIUS** **NOVAS**

## O galego nas teses

### FAQ's sobre a linguaxe da tese

Aínda que a norma xeral especifica que as teses redactaranse en galego ou castelán, existen algunhas excepcións. Ademais, en atención aos vínculos lingüísticos e históricos existentes entre o galego e o portugués, a tese tamén poderá estar redactada en lingua portuguesa. Coa autorización pertinente da túa CAPD, a tese tamén poderá ser escrita e defendida noutras linguas habituais para a comunicación científica no teu campo de coñecemento. Nestes casos deberás incluír un resumo en galego non inferior a 3.000 palabras na propia tese.

**É abrogatorio incluír o resumo en galego se a miña tese está escrita en castelán?**

*Non. É obrigatorio só no caso de que estea escrita noutro idioma diferente ao galego ou o castelán.*

**O resumo en galego pode ir ao final do documento da tese?**

*Os resumos deben ir ao principio. Os resumos estendidos tamén deben ir ao comezo da tese. Non ten sentido levalos aos anexos nin poñer dous resumos en galego (un breve e outro máis longo), como ocorre nalgúns casos.*

**Canto ocupan 3.000 palabras?**

*Non hai regra fixa porque depende do tamaño da letra, do tipo ou familia de letra ou do entreliñado, pero nun documento Word habitual, por exemplo, podemos calcular que ocupa unhas cinco ou seis páxinas.*

**Nunha tese por compendio de artigos tamén debe ir o resumo en galego?**

*Se a tese non está escrita nin en galego nin en castelán, si.*

**Nunha tese en inglés que inclúa un abstract dunha páxina, é preciso tamén o resumo en galego?**

*Si, son documentos diferentes. Podes poñer resumo breve en inglés ou noutras linguas, pero as teses deben incluír un resumo estendido en galego.*

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

## Convocadas as axudas económicas e de asesoramento para a redacción de teses en lingua galega

A Vicerreitoría de Transformación Dixital e Innovación da USC, a través do Servizo de Normalización Lingüística, convoca un ano máis as axudas para a realización de teses de doutoramento en galego. Esta convocatoria realízase co fin de promover o uso da lingua galega ligada á calidade formal na redacción, elaboración e defensa das teses. Estas axudas teñen un compoñente económico e outro de apoio do Servizo de Normalización Lingüística.

Poden acceder a estas axudas os/as estudantes de Programas de Doutoramento da USC que realicen en galego a redacción e defensa da tese de doutoramento no curso académico 2024/2025 até o 30 de setembro deste ano 2025. Quedan exceptuados desta axuda os estudantes dos Programa de Doutoramento cuxas liñas de investigación estean vencelladas á Área de Filoloxía Galega e Portuguesa por entender que, dada a natureza dos seus estudos e o seu compromiso lingüístico, non é necesario incentivar a produción de teses en galego no seu caso.

O importe máximo global do conxunto das axudas será de 4.000 euros para este curso académico, que se repartirán entre os solicitantes que cumpran os requisitos establecidos, cun importe máximo de axuda a cada solicitude de 400 euros. No caso de presentarse máis de 10 solicitudes, farase un repartimento proporcional ao número de solicitantes.

As solicitudes presentaranse até o 30 de setembro de 2025, a través do rexistro electrónico da sede electrónica da USC, sempre con posterioridade á lectura e defensa da tese. O formulario de solicitude pode descargarse premendo [neste ligazón](#). O acceso farase a través [desta outra ligazón](#).

Para todo o estudiantado dos programas de doutoramento interesado en redactar e defender a súa tese de doutoramento en lingua galega, a Universidade ofrece apoio lingüístico e informativo que se concreta nun servizo de consulta lingüística e terminolóxica e no asesoramento á corrección da tese.

**Formulario  
de solicitude**

 [Ir ao sumario](#)

**EDIUS** **NOVAS**

## Teses defendidas en Galego

Artes e Humanidades é onde se escriben e defenden máis teses no noso idioma

O número de teses totais escritas e defendidas en Galego dende a implantación dos programas de doutoramento regulados polo RD 99/2011 na Universidade de Santiago de Compostela foron 213.

Observando as táboas dos último 5 cursos académicos, apreciase que o curso con maior número de teses defendidas en galego, foi o curso académico 2021/22. Por áreas, sen dúbida Artes e Humanidades é onde se escriben e defenden máis teses en lingua galega, superando o 21% do total, seguida de Ciencias Sociais e Xurídicas (15,5% do total).

Para fomentar uso da lingua galega dende o servizo de normalización lingüística realizase unha convocatoria anual, recollida neste boletín. E para fomentar a investigación científica en galego de calidade, na convocatoria de premio extraordinario de doutoramento reconécense como mérito as teses en galego.

Año académico	Teses	En Galego	Áreas	Total	En Galego
2019/2020	261	23	Artes e Humanidades	399	85
2020/2021	328	24	Ciencias	499	19
2021/2022	361	41	Ciencias da Saúde	849	25
2022/2023	336	32	Ciencias sociais e Xurídicas	475	74
2023/2024	342	30	Enxeñaría e Arquitectura	229	10
<b>Total xeral</b>				<b>2.451</b>	<b>213</b>

[↩ Ir ao sumario](#)



**Carmela Martínez  
Vispo**

Responsable Programa  
Mentoría da EDIUS

## OPINIÓN

# Rutinas saudables e auto coidado no doutoramento

Durante o doutoramento, a carga de traballo pode ser intensa e desafiante. A presión por cumprir prazos, asistir a cursos de especialización, publicar artigos e avanzar no proxecto de tese pode facer que o benestar persoal pase a un segundo plano. Porén, manter un equilibrio entre o traballo de investigación e o coidado da saúde física e psicolóxica é fundamental para garantir un rendemento axeitado e unha experiencia máis positiva ao longo do tempo.

Así, incluír rutinas saudables, como manter unha alimentación equilibrada, incorporar actividade física regular (como camiñar ou practicar algún deporte) e ter unha boa hixiene do sono, contribúe a unha mellor concentración, á xestión do estrés e ao manexo dos retos académicos. Ademais, dedicar tempo a actividades sociais e de lecer non debería ser visto como unha “perda de tempo”, senón como unha parte fundamental do noso benestar persoal. Participar en eventos culturais, practicar as nosas afeccións ou simplemente desfrutar de momentos de desconexión con amigos ou familia pode contribuír a mellorar o noso estado de ánimo.

Por outra banda, compartir experiencias con outros estudantes de doutoramento, buscar espazos de conversa e manter unha rede de contacto e apoio pode ser clave. O doutoramento pode ser un proceso solitario en algunhas ocasións, pero contar cun sistema de apoio permite xestionar mellor os momentos máis complicados. É máis, o contacto con outras persoas fóra do ámbito académico permite desconectar da presión da investigación e achegar novas perspectivas que nos poden enriquecer tanto a nivel persoal como profesional.

Neste sentido, establecer unha organización do tempo eficaz, que inclúa pausas activas e espazos para o auto coidado, pode mellorar o noso rendemento académico sen comprometer o benestar persoal. A investigación non debe ser vista como unha carreira de velocidade, senón como un proceso de aprendizaxe e crecemento continuo, no que a saúde ten un papel clave. Por iso, tratar de manter hábitos saudables, dedicar tempo ás nosas amizades e familias, así como ás nosas afeccións, é unha estratexia intelixente para garantir un desenvolvemento académico e persoal saudable nesta etapa.

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

## Nova edición do programa Ícarus, con premios para teses de doutoramento de todas as áreas de coñecemento

A Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento da Universidade de Santiago de Compostela (AVTE) lanza unha nova edición do programa Ícarus, unha iniciativa para favorecer a aplicación social e económica do coñecemento contido nos traballos de teses de doutoramento e Traballos de Fin de Grao (TFG) e Mestrado (TFM) do estudiantado da USC.

Ícarus 25, que **estende o seu prazo de inscrición até o 21 de abril**, dirixese a membros da comunidade universitaria dos campus de Santiago e Lugo que realizasen a defensa da tese de doutoramento ou dos TFG ou TFM nos dous últimos anos académicos, que finalizasen antes do 21 de abril de 2025 e que resultasen coa cualificación mínima de aprobado.

A dinámica do programa inclúe unha sesión de formación impartida pola AVTE dirixida ás persoas finalistas, enfocada a explicar as claves necesarias para unha presentación e defensa eficaz dos seus traballos ante o xurado, que está prevista na primeira quincena de xuño, en datas que se comunicarán previamente.

Os premios concédense en cinco categorías, unha por cada grande área de coñecemento, e cada unha delas con premios diferenciados para teses de doutoramento e TFG/TFM. As teses teñen unha dotación de 1.000 euros para o primeiro premio e 500 para o segundo, mentres que nos TFG/TFM establécese un primeiro premio de 800 e un segundo de 400 euros.



**ÍCARUS<sup>25</sup>**

Unha iniciativa para dar pulo á túa tese de Doutoramento ou TFG/TFM

Prazo de inscrición do 24/03/2025 ao 21/04/2025

Un QR code with a hand icon pointing to it.

Rexistro e bases

Logos for USC, avte (Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento), and XUNTA DE GALICIA.

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

## Un investigador do IGFAE, única persoa en Galicia que recibe este ano a bolsa posdoutoral Junior Leader da Fundación “la Caixa”



O investigador Anxo Fariña Biasi é unha das persoas agraciadas —a única en Galicia nesta convocatoria— cunha das bolsas posdoutorais Junior Leader da Fundación “la Caixa”, o que lle permitirá desenvolver durante os próximos anos a súa carreira no Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (**IGFAE**), centro mixto da USC e a Xunta de Galicia.

Fariña é físico teórico, e leva a cabo o seu traballo na interface entre as matemáticas e a física. Despois de doutorarse no IGFAE, realizou unha estadía posdoutoral na Universidade Jagiellonian de Cracovia (Polonia).

Posteriormente, obtivo unha bolsa da Cátedra de Investigación Junior na École Normale Supérieure - PSL de París (Francia), antes de regresar ao IGFAE grazas á convocatoria Junior Leader. Durante os próximos anos, Anxo Fariña continuará desde o IGFAE coa súa investigación.

A convocatoria Junior Leader está destinada á contratación de persoal investigador excelente de calquera nacionalidade, que desexe continuar a súa carreira en España ou Portugal en áreas das ciencias da saúde e da vida, a tecnoloxía, a física, a química, a enxeñería e as matemáticas.

[↩ Ir ao sumario](#)

ENTREVISTA



**Anxo Fariña Biasi**

## «Entender como funcionan as ondas dáanos un mellor entendemento de moitos fenómenos na natureza»

### Que supón para ti recibir esta bolsa?

Os proxectos Junior Leader son altamente competitivos e xenerosos, polo que obter un foi un gran recoñecemento á miña carreira investigadora e á miña visión de como avanzar na física e nas matemáticas. Estes proxectos “¡te dan alas!”, proporcionando os recursos e medios necesarios para que os investigadores e investigadoras novos poidamos desenvolver ideas ambiciosas e innovadoras. É unha gran motivación.

### Como vai ser o teu traballo no Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE) nos próximos anos?

O proxecto como tal empezou en novembro de 2024, e podo dicir que o meu traballo experimentou un gran cambio grazas á bolsa de la Caixa. Agora teño máis recursos e debo asumir máis responsabilidades, como a dirección de estudantes e a contratación de persoal para axudarme na investigación. Sinto que podo facer máis cousas. O ambiente do IGFAE tamén axuda, estémonos reunindo persoas mozas e ambiciosas. Cada unha co seu proxecto, pero é moi útil estar neste tipo de atmosfera. A xente é moi maja, e a dirección do centro ten as ideas claras sobre cara onde quere levar o instituto.

### Comprender mellor os fenómenos de ondas. Como xurdiu o interese por investigar sobre este asunto?

En xeral, gústame estudar problemas que teñan presenza en moitas áreas da física. Así, non só encontrar a solución é interesante, senón que tamén o é ver como dita solución pode ter diferentes manifestacións e aplicacións. Esta é a esencia mesma das ondas: son procesos de transporte de enerxía moi xerais, están en todas partes! Desde a luz e o son até as ondas sísmicas, as ondas do mar, ou as axitacións que sofre o espazo-tempo cando colisionan dous buratos negros. Entender, polo tanto, como funcionan as ondas dáanos un mellor entendemento de moitos fenómenos na natureza.

**Cales son as aplicacións prácticas que pode ter?**

Máis que aplicacións prácticas, a miña investigación terá aplicacións a futuro. O desenvolvemento de calquera avance tecnolóxico ou conceptual componse de moitas etapas, onde diferentes persoas empregan os resultados anteriores para avanzar. O meu proxecto sitúase na base desta cadea de desenvolvementos. O meu obxectivo é proporcionar coñecemento e métodos sólidos sobre o comportamento de ondas e outros fenómenos físicos. Estes resultados serán os alicerces sobre os que outras persoas poderán construír futuras innovacións tecnolóxicas con aplicacións en áreas como as telecomunicacións ou a medicina, entre outras.


**Como é a calidade da investigación que se fai na USC?**

Paréceme que a calidade da investigación na USC é moi alta, cun forte enfoque en investigación básica e aplicada, e con grupos potentes a nivel nacional e internacional en varios campos. Centrándome no IGFAE, a investigación é de gran calidade, con liñas interesantes tanto

experimentais como teóricas e participación en varias macro colaboracións internacionais. Isto proporciona unha contorna moi atractiva para desenvolver a miña liña de investigación. Sen embargo, o que atopo máis estimulante é a cantidade de xente nova e ambiciosa que hai no centro.

**Un soño na túa carreira investigadora sería...**

Para min, os soños son ideas pouco definidas para as que non temos unha estratexia clara para alcanzalas. Por iso, en lugar de falar de soños, prefiro referirme a obxectivos ambiciosos, que son máis concretos e alcanzables. Neste sentido, un obxectivo ambicioso é conseguir un proxecto ERC nos próximos anos. É difícil, si, pero non imposible, e estase traballando para iso. Isto permitiríame consolidar a miña posición en Galicia e crear un grupo de investigación propio. A nivel de resultados científicos, a investigación é moi impredecible e chea de sorpresas. Prefiro mirar ao futuro con curiosidade sobre o que estamos por descubrir, máis que poñer un problema concreto no horizonte.



3MT®



## O prazo para enviar vídeos ao concurso ‘*Teses en tres minutos*’ estará aberto todo abril

As persoas interesadas en participar na cuarta edición do concurso poderán enviar os seus vídeos ao longo deste mes de abril. [Nesta ligazón](#) poderase cumprimentar a ficha de inscrición e subir o vídeo. A data límite será o 30 de abril. Os requisitos para participar nesta cuarta edición do 3MT son dous: estar matriculado/a nun programa de doutoramento da USC no curso 2024/2025 e non ter defendido aínda a tese.

A Escola de Doutoramento Internacional da USC convoca por cuarto ano consecutivo o ‘Three Minute Thesis’ (3MT®), un concurso de comunicación para investigadores e investigadoras predoutorais de todas as áreas do coñecemento. Iniciado pola [Universidade de Queensland en 2008](#), o 3MT cultiva as habilidades de comunicación académica, de presentación e de investigación do estudiantado. O concurso apoia a capacidade do alumnado de doutoramento para explicar eficazmente a súa investigación en tres minutos, nunha linguaxe adecuada para un público non especializado.

A selección dos vídeos finalistas estará a cargo dun comité académico conformado por membros da EDIUS e do profesorado da USC. Este comité será o encargado de elixir un máximo de 20 vídeos, 5 por cada área de coñecemento (Artes e Humanidades; Ciencias e Enxeñarías; Ciencias da Saúde; e Ciencias Sociais) que concorrerán nunha Gran Final.

A Final celebrarase o xoves **5 de xuño**, nun lugar aínda por determinar. As 20 persoas finalistas farán a presentación da súa investigación. A exposición, que se fará diante do xurado e do público, deberá respectar o tempo (3 minutos) e o guión do traballo presentado en formato vídeo. Nesta gala serán entregados os catro Premios de Excelencia de Divulgación Científica, un por cada área.

O xurado terá en conta aspectos do contido así como a capacidade comunicativa, independentemente da área de coñecemento á que se adscriban. A EDIUS premiará aos doutorandos e doutorandas gañadores dos Premios de Excelencia de Divulgación Científica cun agasallo aínda por determinar.

 [Ir ao sumario](#)


EDIUS NOVAS

## A Universidade creará un Instituto de Investigacións Lingüísticas e Literarias

A investigación nos ámbitos lingüístico e literario conta cunha traxectoria consolidada na USC.

O Consello de Goberno deu o seu visto bo á creación dun Instituto de Investigacións Lingüísticas e Literarias (iLTIUS) na USC e avanzou no seu regulamento de réxime interno. Este instituto nace co obxectivo estratéxico de abordar, desde unha perspectiva plurilingüe, o complexo contexto histórico e socio-cultural no que se desenvolveron e transmitiron as linguas e os seus textos, orais e escritos, como patrimonio que debe ser transferido á sociedade actual para que, a través do coñecemento dos valores culturais do pasado, reafirme a súa propia identidade.

A investigación nos ámbitos lingüístico e literario conta cunha traxectoria consolidada na USC. A creación deste novo instituto pretende, xa que logo, optimizar as destacadas traxectorias dos máis de 60 membros do PDI que mostraron o seu interese en vincularse a el e que constitúen un elenco de especialistas en investigación básica e aplicada á lingua e á literatura, con experiencia acreditada no estudo de distintas linguas e tradicións literarias e culturais antigas e modernas, e en actividades de transferencia á sociedade.



[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

## A USC atópase entre as mellores universidades do mundo en 21 temáticas, segundo o *ranking* QS

O [QS World University](#) sitúa a USC como unha das mellores universidades do mundo en 21 ámbitos temáticos das cinco áreas de coñecemento. Esta clasificación mundial baséase na análise comparativa de máis de 18.300 programas dunhas 1.700 universidades de 100 países. A USC continúa a súa tendencia alcista xa que cada ano vai incrementando o número de áreas nas que destaca a nivel internacional. Así, neste 2025 aparecen por vez primeira Ciencia dos Materiais e Odontoloxía, esta segunda ademais situándose entre o rango de postos 51-120 das mellores universidades do mundo.

Completan a clasificación as materias de Historia, Arqueoloxía, Lingüística e Farmacia e Farmacoloxía, que se sitúan no intervalo 151-200. Tamén en postos destacados (201-300) se atopan Linguas Modernas, Comunicación e Media, Enxeñaría Química, Lingua e Literatura Inglesa, Educación e Agricultura e Forestal. Completan este *ranking* de materias destacadas no ámbito mundial Química, Dereito, Física e

Astronomía, Matemáticas, Ciencias Ambientais, Medicina, Ciencias Biolóxicas, Economía e Econometría e Ciencias da Computación e Sistemas de Información.

### INDICADORES

QS emprega cinco métricas clave para elaborar as clasificacións por materias que resume nun total de 55. Os indicadores de reputación, que avalían o rendemento global mundial das universidades, baséanse nas respostas de máis de 240.000 empregadores/as e académicos/as ás enquisas de QS, mentres que as citas por artigo e o índice H miden, a partir dos indicadores públicos de produción científica do persoal investigador, o seu impacto e produtividade. Pola súa banda, a Rede Internacional de Investigación (IRN) reflicte a diversidade e o alcance das conexións de investigación dunha institución e a eficacia de establecer estas redes globais. En todas elas a USC alcanza índices moi elevados, destacando de maneira global os de reputación, citacións e índice H.



[↩ Ir ao sumario](#)

**EDIUS** NOVAS

## O 8 de setembro dará comezo o curso 2025/2026 na Universidade




As clases do curso 2025/2026 na USC arrancarán o 8 de setembro e rematarán o 15 de maio, tal e como quedou aprobado este martes polo Consello de Goberno da USC. Terán consideración de non lectivos os períodos comprendidos entre o 20 de decembro de 2025 e o 7 de xaneiro de 2026, os días 16 e 17 de febreiro, e dende o 30 de marzo ao 3 de abril de 2026, ademais do mes de agosto.

Deste xeito, con carácter xeral, o primeiro semestre estenderase até o 19 de decembro de 2025, con apertura

de actas do 15 de decembro ao 5 de febreiro, e o segundo do 27 de xaneiro ao 15 de maio, con apertura de actas neste último até o 17 de xuño.

No que respecta aos períodos de celebración de probas finais de avaliación, cada centro fixará o calendario en función das súas circunstancias dentro do período de apertura de actas e respectando o prazo de revisión das cualificacións provisionais. Estas probas deberán realizarse unha vez rematado o período lectivo correspondente.

[↩ Ir ao sumario](#)



# Formación

## Actividades

Marzo 2025

### Becoming a Scientific Writer: Putting Why? before How?

22 de abril de 2025

Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre

Matrícula: do 1 ao 8 de abril de 2025

Horario: 09:30h a 17:30h

### Becoming a Scientific Writer: Putting Why? before How?

23 de abril de 2025

Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre

Matrícula: do 1 ao 8 de abril de 2025

Horario: 09:30h a 17:30h

### Doutorarse con perspectiva de xénero


22, 23, 29 e 30 de abril de 2025

Facultade de Ciencias da Educación, seminario 1 do 2º andar do módulo c2 - Campus Vida

Matrícula: do 3 ao 10 de abril de 2025

Horario: 11:00h a 13.30h

 [Ir ao sumario](#)



# Formación

## Actividades

Marzo 2025

### Propiedade industrial e transferencia de tecnoloxía

25 de abril, 09 de maio, 16 de maio, 23 de maio e 06 de xuño 2025

Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre

Matriculación: do 10 ao 21 de abril de 2025

Horario: de 9:30h a 11:30h

### Ferramentas dixitais de apoio para desenvolver artigos científicos

25 de abril, 8 e 9 de maio de 2025

Aula Norvet da Facultade de Veterinaria de Lugo

Matriculación: do 9 ao 21 de abril de 2025

Horario: de 16:00h a 20:00h

ENTREVISTA



**Juan José Igartua**

Profesor da Universidade  
de Salamanca

## IGARTUA: «PROCESS facilita unha mellor comprensión dos fenómenos estudados e mellora a calidade da investigación»

Profesor da Universidade de Salamanca, impartiu o pasado mes de marzo o curso “*Introdución á análise da mediación, moderación e mediación moderada coa macro PROCESS para SPSS*”. Con esta actividade, que a EDIUS organiza por segundo ano, trátase de mellorar a formación metodolóxica e facilitar o desenvolvemento de competencias relacionadas co manexo de técnicas avanzadas de análise de datos e, en particular, sobre o uso de PROCESS para efectuar a análise de mediación, moderación e mediación moderada.

### Como foi a experiencia este ano?

Este ano o curso celebrouse os días 18 e 19 de marzo de 2025, cunha duración total de 10 horas. Ao curso asistiron estudantes de doutoramento da USC, de diversos ámbitos ou disciplinas, aínda que a maioría procedían das áreas de Economía, Márketing e Psicoloxía. En total, participaron 14 persoas. É un curso de estatística avanzada, que require que as persoas asistentes teñan coñecementos previos de SPSS e de conceptos como correlación e regresión. Iso pode explicar que non se alcanzara un número maior de asistentes.

### Cal foi a resposta do alumnado asistente?

Quedei moi satisfeito polo interese, implicación e participación das persoas que asistiron ao curso. Vin que entendían a ferramenta coa que traballamos, que seguían sen problemas as explicacións e os exercicios, que resolvían con facilidade as tarefas que lles propoñía e tamén que intentaban ver como utilizar nas súas investigacións todo o visto durante o curso.

### Por que considera necesaria esta formación para as persoas doutorandas?

PROCESS é esencial para realizar investigacións en multitude de disciplinas, non só nas Ciencias Sociais (Economía, Márketing, Psicoloxía, Comunicación, Educación, Ciencia Política), senón tamén no ámbito das Ciencias da Saúde (Medicina, Enfermería, Fisioterapia). Cada vez que se proxecta unha investigación con metodoloxías baseadas na enquisa (estudos correlacionais) ou o experimento ou *cuasi-experimento*, vai ser necesario analizar os datos non só para contrastar relacións simples entre as variables, senón para descubrir tamén patróns complexos sobre mediación, moderación ou mediación moderada. Para ilustrar a súa utilidade, podemos ver a súa aplicación en investigacións en tres ámbitos distintos: enfermería, márketing e psicoloxía.

[↩ Ir ao sumario](#)

### Imos co exemplo no ámbito da enfermía...

No ámbito da Enfermería, poderíamos analizar como o *burnout* do persoal sanitario (un síndrome de esgotamento emocional, despersonalización e redución da realización persoal no traballo, que xorde como resposta ao estrés laboral crónico) inflúe na intención de cambiar de emprego, considerando o papel da satisfacción laboral como variable mediadora. Unha análise con PROCESS permitiría avaliar se o esgotamento profesional conduce a un maior desexo de cambiar de emprego debido ao seu impacto negativo na satisfacción laboral. Isto axudaría a comprender mellor os factores que levan á rotación de persoal en contornas sanitarias e a deseñar estratexias para mellorar a retención de enfermeiros.

### Outro exemplo no campo do Márketing...

Neste campo, PROCESS é unha ferramenta clave para analizar relacións de moderación. Por exemplo, poderíamos investigar se o impacto da publicidade baseada en argumentos racionais sobre a intención de compra varía en función do nivel de implicación do consumidor co produto. É dicir, analizar se a publicidade que resalta características obxectivas e beneficios do produto é máis persuasiva entre consumidores altamente implicados, mentres que en aqueles con baixa implicación o seu efecto é menor ou incluso inexistente. Este tipo de análises permitiría optimizar estratexias publicitarias segmentadas, axustando o tipo de mensaxe segundo o grao de interese do público obxectivo.

### E en Psicoloxía?

En Psicoloxía, unha análise de mediación moderada podería utilizarse para investigar como o estrés afecta no rendemento académico, considerando a calidade do sono como unha variable mediadora. Neste caso, a hipótese sería que o estrés afecta á calidade do sono, e que, á súa vez, a mala calidade do sono diminúe o rendemento académico. Sen embargo, este modelo de mediación podería depender do nivel de resiliencia do estudante, actuando como unha variable moderadora. É dicir, con PROCESS podería avaliarse se a relación entre o estrés e o rendemento académico se ve afectada pola calidade do sono, pero só en estudantes con baixa resiliencia. Isto suxeriría que os estudantes con alta resiliencia poderían ser menos vulnerables aos efectos negativos do estrés no seu rendemento, xa que a súa capacidade para afrontar o estrés lles permitiría manter un sono de mellor calidade, o que, á vez, podería protexer o seu desempeño académico. Este tipo de análises proporciona unha comprensión máis profunda de como as diferentes características individuais (como a resiliencia) poden moderar os efectos de factores estresantes sobre variables clave como

o rendemento académico. Estes exemplos mostran como PROCESS permite descubrir patróns complexos nos datos, aportando información valiosa para a toma de decisións en diferentes áreas do coñecemento.

### Podería explicar de forma sinxela que son as técnicas de análise de mediación, moderación e mediación moderada?

Imaxina que estamos tratando de entender como o estrés afecta no rendemento académico dos estudantes. No caso da **mediación**, o estrés podería ser como un condutor que te leva por unha autoestrada cara ao teu destino, que é o rendemento académico. Sen embargo, no medio do camiño, hai unha peaxe que, neste caso, sería a calidade do sono. O estrés pode afectar á calidade do sono dos estudantes, e logo, a mala calidade do sono é a que realmente termina impactando no seu rendemento académico. Así que, neste exemplo, a calidade do sono actúa como unha "ponte" entre o estrés e o rendemento, o que significa que o estrés afecta o rendemento a través do seu impacto no sono. Por outro lado, a **moderación** é como o volume da música nunha festa. Supoñamos que a música é unha publicidade emocional e as persoas na festa teñen diferentes niveis de extraversión. Se unha persoa é moi extravertida, é probable que a música a faga bailar máis, mentres que se a persoa é introvertida, a música pode non ter tanto impacto. Neste caso, a extraversión das persoas modera o impacto da música, é dicir, cambia como a música afecta ao seu comportamento. De forma similar, en *marketing*, a personalidade dun consumidor pode moderar como a publicidade inflúe na súa decisión de compra. Finalmente, a **mediación moderada** é como unha combinación das dúas anteriores. Imaxina que o estrés é como o vento que empuxa un barco e o rendemento académico é o destino

ao que queremos chegar. A calidade do sono é como a vela que fai avanzar o barco (mediación). Pero, a resiliencia de cada estudante actúa como o temón que controla a dirección do barco. Se un estudante ten alta resiliencia, poderá controlar mellor o temón e resistir o vento (estrés), o que lle permitirá chegar ao destino (bo rendemento) con menos problemas. Se o estudante non ten tanta resiliencia, o vento (estrés) afectará máis, e o rendemento académico será peor. Neste caso, a resiliencia modera como o estrés impacta o rendemento, pero faino a través da vela (a calidade do sono), que é o mediador. En resumo, na mediación algo actúa como un intermediario entre dúas variables, na moderación algo cambia o impacto dunha variable sobre outra, e a mediación moderada é cando algo actúa como intermediario, pero o seu efecto depende dunha terceira variable que o modifica.

### Como mellora a macro PROCESS o SPSS á hora de proporcionar análises estatísticas avanzadas?

#### A macro PROCESS foi creada por Andrew F.

Hayes hai máis de 12 anos, especificamente para o seu uso en SPSS (e tamén para os programas SAS e R). O seu obxectivo principal foi proporcionar unha ferramenta sinxela e accesible para realizar análises avanzadas de mediación, moderación e mediación moderada. Antes da creación de PROCESS, estas análises requirían escribir sintaxes complexas e procedementos estatísticos avanzados que non sempre eran fáciles de manexar, especialmente para investigadores/as que non estaban familiarizados coa programación. Con PROCESS, os usuarios poden executar análises complexas de mediación, moderación e mediación moderada con só uns poucos clics, o que o converte nunha ferramenta moi poderosa para enfrontar problemas de investigación. Desta forma, PROCESS fai sinxelo o que antes parecía complicado, eliminando a necesidade de escribir longas liñas de código ou de recorrer a ferramentas complicadas para

obter os resultados desexados. En 2021, tiven o privilexio de escribir xunto con Andrew F. Hayes o artigo titulado ***“Mediation, moderation, and conditional process analysis: concepts, computations, and some common confusions”***, que foi publicado para axudar aos investigadores e investigadoras a comprender mellor os conceptos e as aplicacións destas análises. Neste artigo, explicamos de maneira detallada como usar PROCESS e abordamos algunhas das confusións máis comúns en torno a estes modelos. Por outro lado, tamén preparei un **curso en YouTube** onde explico estes mesmos conceptos de forma sinxela e práctica, ideal para quen desexe ter unha primeira toma de contacto con PROCESS.

### **É apta para usuarios de todos os niveis de experiencia?**

PROCESS é unha ferramenta moi valiosa, versátil e accesible, pero require de certos coñecementos previos para o seu uso efectivo. En particular, é recomendable ter unha base no manexo de SPSS e de dous conceptos fundamentais en análise estatística: correlación e regresión, xa que PROCESS baséase na idea da regresión. Os usuarios deben estar familiarizados con como funcionan estas técnicas, xa que PROCESS as utiliza para realizar análises de mediación, moderación e mediación moderada.

### **Como é o perfil de persoas que asiste a este curso?**

Polo xeral, os estudantes adoitan ter completado previamente cursos de estatística con SPSS, o que lles permite seguir con facilidade os contidos relacionados con PROCESS. Esta formación previa proporciónalles unha comprensión suficiente dos conceptos estatísticos básicos, o que lles permite comprender e aplicar correctamente as análises avanzadas que ofrece PROCESS. Aínda que PROCESS é apto para unha ampla gama de usuarios, para aproveitar ao máximo a ferramenta, é importante ter coñecementos previos de SPSS e dos principios básicos de análise estatística.

### **Que outras vantaxes cabería destacar desta ferramenta?**

Destaca pola facilidade de uso, xa que permite realizar análises complexas como mediación, moderación e mediación moderada sen necesidade de escribir liñas de códigos ou sintaxes complexas. Ademais, pódese utilizar con SPSS, pero tamén con SAS e R (R Studio), o que o fai accesible para diferentes plataformas. Tamén permite personalizar as análises e ofrece ao usuario moitas posibilidades de personalizar modelos, en función dos problemas de investigación que teña que afrontar unha persoa.

### **É aplicable á investigación en calquera área de coñecemento?**

Si, PROCESS é aplicable á investigación en diversas áreas de coñecemento e é especialmente útil en estudos que empregan metodoloxías correlacionais (como enquisas) ou experimentais. A súa capacidade para analizar relacións complexas faino valioso en disciplinas como Psicoloxía, Educación,

Ciencias Sociais, *Marketing*, Comunicación, Ciencias da Saúde (Medicina, Enfermería, Fisioterapia), e Ciencias Políticas, entre outras.

### **Até que punto este tipo de ferramentas e extensións facilitan a tarefa investigadora?**

As ferramentas como PROCESS facilitan enormemente a tarefa investigadora en estudos con metodoloxías cuantitativas, onde é necesario analizar patróns de relacións complexas entre variables. Nestas investigacións, non se trata só de explorar unha simple correlación ou a influencia dunha variable sobre outra, senón de entender como múltiples variables interactúan entre si de maneira máis profunda. PROCESS permite internarse na análise multivariada, ofrecendo modelos de mediación, moderación e mediación moderada que revelan relacións máis complexas, como os efectos indirectos (mediación) ou os efectos condicionais (moderación). Isto proporciona unha visión máis completa e precisa, o que facilita unha mellor comprensión dos fenómenos estudados e mellora a calidade da investigación.

### **Son vantaxes cuantitativas -en canto a tempo investido- ou tamén cualitativas, atendendo ao froito das investigacións?**

PROCESS ofrece tanto vantaxes cuantitativas como cualitativas. En termos cuantitativos, facilita a análise de relacións complexas entre variables de maneira accesible e eficiente, o que aforra tempo e recursos. Desde un punto de vista cualitativo, os métodos innovadores son clave para o avance de calquera disciplina. Un exemplo destacado é o de Ramón y Cajal. Grazas a unha nova técnica de tinguidura que desenvolveu, puido observar as neuronas cunha claridade e detalle sen precedentes, o que lle permitiu comprender con maior precisión o sistema nervioso. Esta innovación foi fundamental para a formulación da súa teoría da independencia celular das neuronas, o que transformou a neurociencia. Salvando as distancias, PROCESS constitúe unha ferramenta analítica que permite explorar e entender as relacións complexas entre variables. PROCESS permite aos investigadores desvelar patróns e relacións entre variables que, doutro xeito, serían moi difíciles de analizar de forma efectiva. En investigacións que buscan comprender fenómenos sociais, psicolóxicos, ou de calquera outra área do coñecemento, as relacións entre as variables son raramente simples. As influencias mutuas, as mediacións e as interaccións entre factores poden ser complicadas e multidimensionais. PROCESS proporciona unha plataforma para analizar de forma avanzada fenómenos como os de mediación, moderación e mediación moderada. A análise que facilita PROCESS non só mellora a calidade da investigación, senón que tamén contribúe a unha comprensión máis profunda dos fenómenos estudados. En lugar de ofrecer respostas sinxelas, PROCESS abre a porta a modelos teóricos máis complexos e matizados, permitindo aos investigadores ofrecer explicacións máis robustas e detalladas dos fenómenos que investigan.

## O consentimento nas investigacións



As investigacións nas que existe intervención con seres humanos, se pretenden unha obtención de mostras ou conseguir datos persoais deben:

- Ser autorizadas polo comité de ética
- Obterse o consentimento das persoas que participan na investigación
- Informar ás persoas que participan dos seus dereitos en materia de protección de datos e da posibilidade de revocar o seu consentimento en calquera momento

### EN QUE CONSISTE O CONSENTIMENTO?

É o procedemento mediante o cal se garante que o suxeito ten expresado voluntariamente a súa intención de participar nun estudo ou nunha investigación, despois de ter comprendido a información que se lle aporta acerca dos obxectivos da mesma, os beneficios, as molestias, os posibles riscos e alternativas, os dereitos e as responsabilidades.

O consentimento debe ser explícito, libre e voluntario. Non son consentimentos válidos os obtidos das persoas con mal estado de saúde, de grupos vulnerables e nos casos de dependencia funcional ou xerárquica.

Recoméndase que o consentimento non sexa para un proxecto concreto de investigación, senón que para unha ampla área de investigación

### CAL É A FINALIDADE DO CONSENTIMENTO?

Permite respectar a liberdade das persoas para decidir sobre aquelas cuestións que se expoñen durante unha investigación, e asumir a súas propias responsabilidades na toma de decisións.

### CANDO DEBE OBTERSE O CONSENTIMENTO DOS SUXEITOS QUE PARTICIPAN NA INVESTIGACIÓN E ARQUIVARSE?

Cando exista intervención con seres humanos, obtención de mostras ou se traballe con datos persoais. É especialmente relevante cando se traballe con datos que revelen a orixe étnica ou racial, as opinións políticas, conviccións relixiosas ou filosóficas, afiliación sindical, datos xenéticos, datos biométricos, datos relativos á saúde, á vida sexual ou ás orientacións sexuais dunha persoa física.

### ONDE PODE OBTERSE INFORMACIÓN ADICIONAL?

A USC ten unha web dedicada á protección de datos e outra sobre boas prácticas en investigación onde se pode obter información adicional e modelos:

- [Protección de datos](#)
- [Boas prácticas en investigación](#)

As normativas que regulan estes aspectos son, entre outras:

- Regulamento Europeo de Protección de Datos e Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

- Lei 14/2007, do 3 de xullo, de Investigación Biomédica.
- Regulamento do Comité de Ética na Investigación da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado no Consello de Goberno do día 29 de xuño de 2023.

### QUE EFECTOS PODE TE O INCUMPRIMENTO DESTES ASPECTOS?

Dado que se trata de cumprimento da lexislación vixente, esíxese en todas as Universidades e Organismos Públicos de Investigación (OPIs).

As teses de doutoramento que impliquen investigacións con intervención con seres humanos, obtención de mostras ou datos persoais e que non teñan informe favorable do Comité de Ética ou non teñan o consentimento dos suxeitos que participaron no estudo non poderán ser autorizadas nin defendidas na USC. Os incumprimentos en materia de protección de datos –entre eles a obriga de obter o consentimento ou informar sobre os dereitos nesta materia– tamén poden xerar importantes sancións pola Axencia Española de Protección de datos.

A maior abastanza das revistas científicas onde se pretendan publicar as investigacións que impliquen este tipo de estudos requiren do informe dun comité de ética que certifique que se cumpren estes requisitos.



# Teses

Marzo 2025

